

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CARBALLO

Anuncio de aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal n.º 23: taxas terrazas hostalería

Ordenanzas fiscais: Imposición e Ordenación

Aprobación inicial da modificación da Ordenanza fiscal n.º 23

O Pleno da Corporación, na sesión ordinaria do luns, 27 de xullo do 2020, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

1.º.–Aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza fiscal n.º 23, mediante a introducción dunha nova Disposición Transitoria Terceira.

2.º.–Ordenar a inserción do anuncio de aprobación inicial no taboleiro de anuncios do Concello, no B.O.P e nun dos diarios de maior tirada da provincia, a efectos de información pública por prazo de trinta días hábiles, a contar desde o seguinte ao da inserción do anuncio no Boletín Oficial da Provincia, prazo durante o cal os interesados poderán examinar o expediente e presentar cantas alegacións estimen oportunas. No caso de non se presentaren alegacións, o acordo entenderase definitivamente aprobado, sen necesidade de novo acordo plenario, e inserirase o anuncio de aprobación definitiva no B.O.P xunto co texto íntegro da modificación operada.

O expediente estará a disposición dos interesados durante o período de exposición pública nas dependencias do Concello, e, ao tempo, o texto da ordenación proposta poderase consultar na web corporativa do Concello: www.carballo.gal, na sección de avisos de Carballo ao día.

Carballo, 7 de agosto do 2020.

O ALCALDE

Evencio Ferrero Rodríguez

2020/5529